



Recurso nº 56/2025

Resolución nº 67/2025

**RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 25 de abril de 2025

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por HEDEGASA SL contra os pregos da contratación do servizo de transporte público colectivo urbano de Ourense para o período 2026-2031, expediente 2025003120, licitado por dito Concello, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Ourense convocouse a licitación do contrato descrito no encabezamento, cun valor estimado declarado de 57.309.638,30 euros.

Segundo.- O día 28.03.2025 o citado recorrente interpuxo recurso especial en materia de contratación.

Terceiro.- Tras a correspondente solicitude, o 4.04.2025 recibíuse o expediente e informe ao que se refire o artigo 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP),-no que se nos traslada a inexistencia de licitadores nese intre.





Cuarto.- O 4.04.2025 acordouse a medida cautelar de suspensión, sen afectación ao prazo concedido para a presentación de ofertas ou proposicións por parte dos interesados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- A recorrente está lexitimada para interpoñer o presente recurso aínda que non teña a condición de licitador, pois precisamente as bases da convocatoria lle provocan ao seu entender un prexuízo que pretende remediar coa interposición do recurso e a obtención dunha resolución favorable. Neste sentido, as prestacións do contrato ao que se refire esta impugnación están incluídas no ámbito da súa actividade empresarial.

Cuarto.- O recurso foi interposto en prazo, sen prexuízo do que se analizará xunto coa cuestión de fondo.

Quinto.- Impugnados os pregos na contratación dun servizo de valor estimado superior a 100.000 €, o recurso é admisible.

Sexto.- O recurso cuestiona diversos aspectos dos pregos da licitación, que iremos analizando de seguido.

Cómpre indicar de xeito preliminar que, como se sinala no propio escrito de impugnación, a presente licitación foi obxecto xa de previos recursos especiais





en materia de contratación -recursos 168/2024 e 169/2024, o primeiro deles interposto por este mesmo recorrente, e que deron lugar, respectivamente, ás Resolucións 178 e 179/2024-, o que veda a posibilidade de reabrir esta vía de recurso sobre aqueles elementos que se mantiveron invariables respecto dunha e doutra convocatoria. Este TACGal mantén, en liña co resto de Tribunais encargados de resolver o recurso especial, esta tese relativa á imposibilidade de reabrir de xeito indefinido o prazo de impugnacións sobre o contido duns pregos non modificados ou debates xa resoltos por este Tribunal. Admitir o contrario suporía deixar aberta de xeito ilimitado as posibilidades de recurso, o que se compadece mal co espírito e finalidade útil deste, que non é outro que dar unha resposta rápida ás posibles eivas que se puideran detectar nun procedemento de licitación.

De igual modo, tampouco cabe acoller que se poidan neste momento reabrir debates xa resoltos nas anteriores resolucións deste TACGal, que conforme ao art. 59 LCSP só poderían ter sido impugnadas ante a xurisdición contenciosa, algo que non consta se teña producido.

A partir do anterior, é como resolveremos as diferentes cuestións alegadas no recurso.

En primeiro lugar, o recorrente cuestiona que os pregos se fundamentan en *"magnitudes económicas desfasadas y distintas a la realidad del contrato"*, apoiándose nun informe pericial achegado como proba. No propio escrito de impugnación recoñécese que os custos que fundamentan o orzamento son, en moitos casos, os mesmos que na anterior licitación, o que como dixemos dificultaría de inicio a súa crítica neste momento.

Porén, no recurso se nos alega precisamente esa falta de actualización polo transcurso de tempo, o que obriga a un pronunciamento deste TACGal a ese respecto. Así, e tras realizar unha serie de consideracións xerais, critícanse en concreto as estimacións realizadas respecto do custo de sistema de axuda á explotación e wc portátiles, o custo da nave, e tamén custos de combustible, urea e pneumáticos.





Agora ben, debemos lembrar o xa dito en anteriores ocasións por este TACGal, no sentido de que a impugnación das magnitudes económicas dunha licitación, e a súa pretendida anulación, debe fundamentarse -dito dunha forma xeral- en que o orzamento non é axustado aos prezos do mercado, de tal xeito que non dea cobertura á correcta execución do contrato, o cal corresponde probar ao recorrente.

Neste suposto non é polo tanto suficiente, tal e como se nos alega, apoiarse no mero transcurso do tempo entre a previa licitación e a de agora cuestionada sen achegar elementos concretos que efectivamente determinasen un necesario cambio á alza na magnitude cuestionada que a faga inviable, carga probatoria que loxicamente corresponde ao recorrente.

Nese sentido, o informe pericial aportado achega consideracións subxectivas relativas á que a variación de custos estimados entre unha e outra licitación é insuficiente, ou que se descoñecen os parámetros que fundamentan os cálculos do órgano de contratación, pero reiteramos sen aportar xustificación que permita quebrar a discrecionalidade técnica que se debe respectar neste aspecto, o cal supón a desestimación destas críticas do recurso.

Sétimo.- En segundo lugar, o recorrente impugna que *“el marco económico-financiero del contrato definido en los pliegos ha infravalorado diversas magnitudes del contrato”*, cuestionando diversos custos que analizaremos a continuación.

En relación cos custos de persoal, alégase por unha banda que non se contemplou *“la evolución salarial tras la finalización del vigente convenio colectivo”*, argumento que como tal non podemos acoller, pois dificilmente se pode esixir unha específica consignación orzamentaria para os gastos de persoal allea ao recollido nun determinado convenio colectivo, como sucede no presente suposto, e así de feito o explicabamos na nosa previa Resolución 178/2024.





Ao respecto, o recurso simplemente manifesta a posición contraria do autor do informe técnico achegado como proba, pero sen aportar, por exemplo, unha cifra que considera axeitada nin o fundamento da mesma.

En canto á consignación das contías resultantes do mecanismo de equidade interxeracional, o recurso nos achega que non se deu cumprimento á nosa previa Resolución 178/2024 que obrigaba á inclusión no orzamento dos custos correspondentes, argumento que non podemos acoller.

Por unha banda, efectivamente atopamos esa consignación específica ata o ano 2028, e así consta nos documentos da licitación. A partir de aí, e como explica o informe a este recurso:

“en aras de garantizar la suficiencia financiera del presupuesto del contrato, se dejó prevista una cantidad adicional –con un incremento nada desdeñable, de hasta un 4,15 % respecto del gasto total previsto para el ejercicio 2028 – en previsión de futuros incrementos de gasto de personal derivados de negociaciones colectivas futuras. Dicho incremento, lógicamente, es una estimación global de máximos, y recoge todos los posibles costes adicionales que puedan producirse (incluido el MEI, cuyo efecto en 2029, en todo caso, será de sólo el 0,08 %”

Non observamos motivo de invalidez nesa forma de proceder, sen que se nos achegue polo recorrente xustificación de que os cálculos efectuados impidan a correcta execución do contrato, máis aínda cando semella se están a cuestionar diferencias escasamente relevantes.

Alégase unha posible afectación á igualdade entre licitadores, a cal non se nos explica, tendo en conta que todos eles participan baixo as mesmas regras e con idéntica información ao respecto.

En canto aos seguros, xa procede desbotar esa crítica por extemporánea, ao recoñecer o propio recorrente que a cifra prevista polo órgano é moi semellante á recollida na anterior licitación, e pretende agora que existe un desaxuste ao





mercado de máis dun 200%, que polo tanto xa puido ser cuestionado previamente.

Tamén procede rexeitar as críticas sobre a previsión de gastos correspondentes a reparación e mantemento, pois como nos alega o órgano de contratación, o feito de que finalice o período de garantía dos vehículos postos polo Concello a disposición do adxudicatario *“no enerva la realidad de que se trata de vehículos nuevos, adquiridos en 2023 y con poco tiempo y kilometraje de uso, lo que hace que el coste de reparación y mantenimiento disminuya sensiblemente”*.

En definitiva, é doutrina consolidada que a determinación do orzamento da licitación é competencia do órgano de contratación e, como tal, integrada no ámbito da súa discrecionalidade técnica, polo que é carga do recorrente acreditar ante este Tribunal erro ou incongruencia clara e suficiente ou que necesariamente determine a imposibilidade de cumprir a prestación contractual, algo que neste caso non sucede.

Oitavo.- A continuación se cuestiona unha suposta contradición nos pregos en relación co tren turístico, motivo que debemos inadmitir, pois como sinala o propio escrito de impugnación, este é un aspecto xa recollido na anterior licitación e que, de feito, foi analizado expresamente na nosa anterior Resolución 178/2024 ante recurso presentado pola mesma entidade aquí recorrente, nestes momentos xa firme, polo que non cabe novo pronunciamento a ese respecto.

De seguido, se critica que os pregos teñen un contido imposible en canto a determinadas rutas obxecto do contrato, con base nun informe técnico que recolle que na liña LC18 a anchura da calzada impide a circulación dos minibuses previstos.

En resposta a esta alegación, o órgano de contratación achega informe realizado polos servizos técnicos municipais que mostran medicións in situ nos diversos puntos conflitivos expostos no recurso e que permiten o paso dos vehículos, o que impide entón poder acoller esas críticas. Así, o informe pericial





de parte fundaméntase na utilización do portal de Información Xeográfica de Galicia e de aplicacións como Google Earth, non nun estudio topográfico específico, as cales non se poden validamente opoñer a unha comprobación realizada nas propias zonas conflitivas e por técnicos da Administración, tal e como consta no informe achegado e nas fotografías nel incluídas.

Todo o cal supón a desestimación deste motivo da impugnación.

Noveno.- Por outra banda, critícanse diversos "*vicios jurídicos*" nos pregos, que iremos analizando a continuación.

En primeiro lugar, o recorrente explica que non se determina adecuadamente o nivel do certificado do esquema nacional de seguridade do que deben dispoñer os licitadores en canto á protección de datos, en relación co disposto na cláusula 32.3.3.v e anexo V do PCAP.

Porén, esas cláusulas non sufriron modificación en relación co contido da previa licitación, o que determina que a súa impugnación neste momento sexa extemporánea, tal e como explicamos no fundamento sexto da presente Resolución, pois de permitirse neste momento suporía en definitiva unha apertura sine die do prazo de recurso a través de sucesivas críticas parciais ao contido dos pregos da licitación, incompatible tanto co réxime deste recurso especial como co interese público que fundamenta o procedemento de contratación.

Idéntica conclusión debemos alcanzar en canto ao último motivo impugnatorio, relativo a que os pregos non se corresponden cos prazos establecidos no art. 138 LCSP en relación coa información adicional a subministrar aos licitadores, prescrición xa recollida na anterior licitación.

Salientamos, nese sentido, que o recorrente non mostra que teña existido ningún impedimento, nin o aprecia este TACGal, para ter formulado no seu recurso 168/2024 contra os anteriores pregos todos aqueles motivos de oposición que enténdese adecuados, polo que non é admisible unha suposta





defensa abstracta da legalidade que permita unha revisión duns pregos que a estes efectos e no non impugnado no momento procedementalmente adecuado, son firmes por consentidos polo aquí recorrente.

Todo o cal determina, en definitiva, a desestimación e tamén a inadmisión do recurso presentado, conforme ao explicado ao longo da presente Resolución.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por HEDEGASA SL contra os pregos da contratación do servizo de transporte público colectivo urbano de Ourense para o período 2026-2031, expediente 2025003120, licitado por dito Concello.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva nos seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O PRESIDENTE, Tomás Otero Ferreiro. A VOGAL-SECRETARIA, Mónica Fernández Santas. O VOGAL, Jesús María García Blanco.

